

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 4 de febreiro de 2025, da Zona Norte, polo que se somete a información pública a solicitude de concesión administrativa no porto do Vicedo con destino á ocupación do dominio público portuario en superficie e soterrado para a instalación de liña eléctrica soterrada (14.08.OBR.002) en canalización para o desenvolvemento da actividade de bar restaurante (expediente 14-08-25-C-1).

A Presidencia de Portos de Galicia acorda o inicio de trámite da solicitude de concesión administrativa presentada por Francisco Fernández Catá no porto do Vicedo con destino á ocupación do dominio público portuario en superficie e soterrado para a instalación de liña eléctrica soterrada (14.08.OBR.002) en canalización titularidade de Portos de Galicia e para desenvolvemento da actividade de bar restaurante (expediente 14-08-25-C-1), de acordo coa solicitude presentada polo concesionario.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público este trámite, para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas.

Asemade, ábrese a posibilidade de que se presenten outras solicitudes en competencia cos mesmos requisitos establecidos para unha solicitude de concesión, que afecten o mesmo espazo e co mesmo ou distinto obxecto.

O prazo para presentar alegacións ou solicitudes en competencia será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A súa presentación será obrigatoriamente de forma electrónica para as administracións públicas, persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica, e persoas representantes dunha das anteriores. Empregarase o procedemento xenérico PR004A da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes por escrito nas oficinas da Zona Norte de Portos de Ga-

CVE-DOG: kdfk3406-gpp9-qld2-xre7-pppp07pyzbk9



licia, sitas na rúa Nicomedes Pastor Díaz, nº 13, 27001 Lugo, ou en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A documentación está á disposición na ruta web www.portosdegalicia.gal>Comunicacións e avisos>Procesos de información pública.

Lugo, 4 de febreiro de 2025

Antonio López Fernández
Xefe da Zona Norte de Portos de Galicia

CVE-DOG: kdfk3406-gpp9-qld2-xre7-pppp07pyzbk9

